

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TOMIÑO

Ordenanzas e Regulamentos

MODIFICACIÓN ORDENANZA PRECIOS PÚBLICOS ACORDO XGL 13 DE MARZO 2017

O Concello de Tomiño en sesión de 13 de marzo de de 2017 adoptou o seguinte acordo:

ACORDO MODIFICACIÓN ORDENANZA DE PREZOS PÚBLICOS

A XGL órgano competente ao efecto acorda e por unanimidade:

Modificar a Ordenanza Fiscal reguladora do Prezo Público por Espectáculos e Actuacións Culturais Programadas polo Concello de Tomiño aprobada en Xunta de Goberno de 26 de setembro de 2016 (BOPPO nº195, 11 de outubro de 2016), quedando redactada da seguinte forma

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POR ESPECTÁCULOS E ACTUACIÓNS CULTURAI PROGRAMADAS POLO CONCELLO DE TOMIÑO

Artigo 1. Fundamento e obxecto

Exercitando a facultade recoñecida no artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril, e de acordo co previsto no artigo 41 do real Decreto Legislativo 2/2004 Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello establece o prezo público por Espectáculos e Actuacións Culturais programadas polo concello de Tomiño.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible deste prezo público a asistencia a espectáculos e actuacións culturais programadas polo concello de Tomiño.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Están obrigadas ao pago deste prezo público as persoas usuarias dos servizos ou beneficiarias das actividades que constitúen o seu obxecto.



Artigo 4. Cuantía

A cuantía da taxa determinarase aplicando o seguinte cadro de TARIFAS:

ESPECTÁCULO / EVENTO	CONCEPTO	IMPORTE
TARIFA A	Actuacións que non superen os 1.000,00€ de contratación	2,00€
TARIFA B	Actuacións que non superen os 2.000,00€ de contratación	3,00€
TARIFA C	Actuacións que non superen os 3.000,00€ de contratación	5,00€
TARIFA D	Actuacións que non superen os 4.000,00€ de contratación	6,00€
TARIFA E	Actuacións que non superen os 5.000,00€ de contratación	9,00€
TARIFA F	Actuacións que superen os 5.000,00€ de contratación	10,00€

Os espectáculos infantís terán unha tarifa de 2,00€ para nenos e nenas ata os 14 anos inclusiva, aboando as persoas adultas a tarifa correspondente ao concepto.

Artigo 5. Beneficios fiscais

Naqueles espectáculos benéfico-sociais, así como os celebrados durante as festas locais ou rexionais ou calquera outro que pudiera considerarse axeitado, dada a finalidade do mesmo e a súa repercusión social, o concello poderá establecer a súa gratuidade.

Artigo 6. Devengo

Devéngase o prezo público e polo tanto nace a obriga de pago, cando se preste o servizo ou se realice a actividade, actuación ou espectáculo, se ben o concello esixirá o depósito previo no momento que se solicite o servizo.

Artigo 7. Réxime de declaración, liquidación e ingreso

Devengado o prezo público e consignado o depósito previo, extenderase por parte do persoal municipal unha entrada xustificante do ingreso do prezo público, o que terá consideración de carta de pago do ingreso efectuado.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza será de aplicación a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP), permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Tomiño, a 14 marzo 2017.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez.

